

# ESPAZO IXOR

## CICLO DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA

Museo Belas Artes de A Coruña

### SAX-XPERIENCE'13

Martes, 23 de abril de 2013, 20h



#### UNIVERSO 2.13 SAX

Ensemble de saxofóns do Conservatorio Superior de Salamanca

Alberto Chaves (Sx. spino) Alejandro Oliván, Roberto Manjavacas, Diego Calvo e Cristina Arcos (Sx. tenor), Rafael Ortega e Rodrigo Cob (Sx. soprano), Diego García, Daniel Delgado, Arturo de la Rosa e Lorena Ríos (Sx. alto), Antonio Sola, Derek McArdle e Carlos Rodríguez (Sx. barítono) e Miguel Gallego (Sx. baixo)

Director: **Andrés Gomis**

**UNIVERSO 2.13 SAX** é o expoñente artístico da actividade desenvolvida no seo da Aula de Saxofón do Conservatorio Superior de Música de Castela e León, baixo a dirección de Andrés Gomis.

Formado por saxofonistas procedentes de toda a xeografía española, 2.13 SAX entende o concerto como un espazo creativo que interactuar co público, propiciando a reflexión sobre a creación e a arte sonora actual. Dende o ano 2008, o grupo leva desenvolvendo anualmente o proxecto ROUTE 2.13 SAX, co que entrou en contacto cos públicos de Ávila, Segovia, Palencia, Burgos, Cáceres, Badaxoz e Sevilla. No seu ROUTE 2013 pasará polos auditorios de Braga (Portugal), A Coruña e Oviedo.

A relevancia e prestixio que está a adquirir este grupo camerístico está abalada polos galardóns recibidos polos seus membros en diferentes concursos e premios, como o 1º Premio do IX Concurso de Novos Intérpretes Estremeños, 1º Premio do V Concurso de Saxofón " Ramón Guzmán" de Santiago de Compostela, 1º Premio do VIII Certame Nacional de Interpretación "Intercentros-Melómano", na categoría Grado Superior e 1º Premio de Mozos Intérpretes do Concurso "Ruperto Chapí" de Villena.

#### PROGRAMA

<b>Thierry Alla</b> (1955)	<i>Polychrome</i> (1993)
<b>Jesús Torres</b> (1965)	<i>Épodo</i> (2000)
<b>Thierry Escaich</b> (1965)	<i>Le chant des tenebres</i> (1992) (sax sop.- Antonio Sola)
<b>Dmitri Schostakovich</b> (1906-1975)	<i>Cuarteto nº 8, op. 110</i> (1960) (Cuarteto Égarè)
<b>Francisco Guerrero</b> (1951-1997)	<i>Rhea</i> (1988)